

CARLOS CASARES NON ERA XORNALISTA, E QUE?

Fernanda Tabarés
Voz Audiovisual

Resumo: Carlos Casares non era xornalista pero tampouco o precisaba para facer xornalismo. Nas súas columnas atópanse todos os xéneros xornalísticos e unha visión precisa da sociedade da súa época.

Abstract: Carlos Casares was not a journalist. But to make journalism he didn't have to be a journalist. We can find all the journalistic genres and an accurate vision of the society of his time in his newspaper columns.

Palabras chave: Carlos Casares, xornalismo, columna, “Á marxe”, audiencia, analista.

Key words: Carlos Casares, journalism, newspaper column, “Á marxe”, audience, analyst.

Cando, creo que foi alá por marzo, Ramón Villares, o presidente do Consello da Cultura Galega, me chamou para participar nestas xornadas e me adiantou que ía estar nunha mesa para falar do Casares xornalista lembro que pensei que tiña Carlos Casares de xornalista.

Por ser precisa, teño que recoñecer que o título concreto desta charla é “Casares, escritor de xornal”, o que entra de cheo nesa reflexión que apareceu naquel primeiro contacto con este acto, a relación dun escritor, dun intelectual, dun político como Carlos Casares co xornalismo.

Carlos Casares non era xornalista. Creo que resulta unha evidencia esta afirmación pero creo que cómpre empezar por ela nestes tempos nos que é tan barato presentarse como tal; digo como xornalista.

As redes sociais e o acceso xeneralizado á tecnoloxía, o mundo de Facebook e de Twitter –por certo, como se estaría desenvolvendo Casares nestas realidades?– están detrás dese novo concepto do xornalismo cidadá, moi aplaudido por algúns pero, en realidade, pouco parecido ao xornalismo e bastante responsable diso que

se vén chamando posverdade –por certo, como estaría analizando Casares isto da posverdade?–.

Isto daría para outras consideracións pero no sentido académico, no sentido profesional, mesmo no sentido filosófico, Casares non era un xornalista.

Non era un xornalista pero escribía a diario nun xornal. Non estaba nunha redacción pero compartía papel e difusión cos que si estaban nesa redacción. Non facía preguntas pero si daba moitas respostas. Non era correspondente pero si trasladaba o que acontecía no seu presente en diferentes partes do mundo. E por falar dunha desas grandes decisións que ás veces se toman nas empresas xornalísticas, hai poucos baleiros tan expresivos como o que se produciu o día que a dirección de *La Voz de Galicia* decidiu deixar en branco a súa columna o día da súa morte. O home das palabras, das palabras escritas e das palabras faladas, falou a gritos a través dese branco enorme, case abisal, que é unha columna sen letras nun xornal, unha evidencia do drama dese silencio que se iniciaba coa súa desaparición física.

15 de febreiro de 1998. Carlos Casares escribe na última páxina de *La Voz* unha das súas columnas “Á marxe”. Fala da chamada dunha amiga, “monárquica desde antes da guerra”, que lle rifa por ter contado nunha columna anterior que a raíña de Inglaterra –por certo, segue a ser a mesma raíña– di tacos cando se enfada. A muller reclama unha fonte precisa para dar creto a semellante atrevemento. Casares fállalle dunha revista británica, *Index*, que está en contra de todo tipo de censura con esa pulcritude editorial que manifestan sociedades con democracia profunda e institucións afeitadas a respectala. No texto –nese feixe de caracteres que algúns enchemos no presente, vaia atrevemento!– Casares fai o retrato de personaxes marca da casa para rematar con esa especie de lección non moralizante que adoitaba incorporar nas súas columnas.

Collo esta columna como podía coller moitas outras para demostrar a achega fundamental de Casares ao xornalismo e a presenza nese pequeno espazo de case que todos os xéneros que abordamos os xornalistas de carné no noso traballo.

- Nas columnas de Casares está a entrevista, pois aínda que con aspecto de opinión, polas liñas de “Á marxe” teñen pasado centos de personaxes galegos, coñecidos e anónimos, con declaracións e puntos de vista literalizados polo escritor.
- Nas columnas de Casares está a crónica, o relato de situacións concretas como esas nas que conta o que acontecía nos faladoiros que compartía con Torrente Ballester nun café de Baiona.

- Nas columnas de Casares pode estar mesmo a reportaxe concentrada, pois feitura de reportaxe teñen esas columnas sucesivas e por entregas dalgunhas das súas viaxes en tren.
- Nas columnas de Casares está, por suposto, a opinión, unha opinión sen condescendencia e sen asperezas.
- Claro, nas columnas de Casares está esa linguaxe da claridade tan desexada para narrar a realidade e tan escasa moitas veces entre periodistas *eruditos a la violeta*.
- E finalmente, nas columnas de Casares está a audiencia, a grande audiencia, a audiencia masiva, a aspiración de todo exercicio xornalístico, ese fenómeno no que derivaron os seus escritos no xornal, con un exército de devotos que recortaban ese cachiño de papel e atopaban nas súas liñas trazos das súas vidas.

Permítanme, agora, algúns atrevementos persoais, e desculpen se son pouco interesantes para esta audiencia.

Teño poucas referencias directas de encontro persoal con Carlos Casares agás as familiares. Creo que Carlos Casares se converteu cos anos nesa persoa da que hoxe todo o mundo presume de ter sido amigo. É un enorme patrimonio para os seus fillos.

Dígoo antes de comentar que meu pai foi un deses milleiros de amigos que Casares tivo, un amigo que por exemplo presumía cun orgullo certo de ser o que mecanografou algunhas das pasaxes da tradución ao galego de *O Principiño* no apartamento de Pepe Sueiro en Ourense, textos que Casares escribiu cunha letra moi, moi pequechiña.

Así que as veces que estiven con Carlos eu era unha nena que acompañaba os seus pais a visitar a aquel tipo que tan ben falaba e tan entretido era.

Fago esta confesión estritamente persoal para sinalar que, exercendo xa o xornalismo, me pregunto nestas datas que pracer tería sido entrevistar a Carlos Casares, coñecelo como fonte, como analista da realidade, como escrutador do que acontece nestes tempos estraños.

E iso tamén ten que ver co xornalismo.

Convídaseme a falar do Casares escritor de xornal e eu quero rematar esta primeira intervención cun atrevemento: os xornalistas tamén botamos de menos a posibilidade de facerlle preguntas.

Que pensaría Carlos Casares deste presente?